



Inserción laboral da formación para o emprego

CURSOS 2014



© Xunta de Galicia. “Inserción laboral da formación para o emprego”

EDITA:

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

ELABORA:

Instituto Galego das Cualificacións

URL:

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
2. OBOECTIVOS	2
3. METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN	3
4. RESULTADOS GLOBAIS DO ALUMNADO 2014	4
5. ANÁLISE TERRITORIAL.....	4
5.1. ANÁLISE PROVINCIAL.....	4
5.2. ANÁLISE COMARCAL.....	6
5.2.1. <i>Comarcas urbanas</i>	6
5.2.2. <i>Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados (excluídas as urbanas)</i>	8
5.2.3. <i>Comarcas que teñen entre 30-100 alumnos formados</i>	11
5.2.4. <i>Comarcas con menos de 30 alumnos formados</i>	12
6. ANÁLISE POR FAMILIAS	13
6.1. ALUMNADO FORMADO E INSERIDO POR FAMILIA PROFESIONAL.....	13
6.2. PERFIL DO ALUMNADO INSERIDO POR FAMILIA PROFESIONAL.....	16
6.3. ESPECIALIDADES FORMATIVAS CON MELLORES RESULTADOS	18
7. ANÁLISE DO ALUMNADO INSERIDO	21
7.1. ALUMNADO INSERIDO POR SEXO E NIVEL ACADÉMICO	22
7.2. ALUMNADO INSERIDO POR IDADE E NIVEL ACADÉMICO.....	24
8. ANÁLISE DOS CONTRATOS REALIZADOS	25
8.1. ACTIVIDADE ECONÓMICA DA EMPRESA CONTRATANTE	25
8.1.1. <i>Clasificación por sector económico</i>	25
8.1.2. <i>Clasificación en seccións CNAE</i>	26
8.2. GRUPOS OCUPACIONAIS	29
8.2.1. <i>Clasificación en grandes grupos ocupacionais</i>	29
8.2.2. <i>Clasificación en grupos primarios</i>	31
8.3. TIPOLOXÍA DOS CONTRATOS	34
9. CONCLUSIÓN.....	36
9.1. ANÁLISE TERRITORIAL	36
9.2. ANÁLISE POR FAMILIAS	37
9.3. ANÁLISE DO ALUMNADO INSERIDO.....	38
9.4. ANÁLISE DOS CONTRATOS REALIZADOS.....	39



1. Introducción

Un dos principais obxectivos da política formativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria é mellorar a cualificación profesional e, a través dela, as oportunidades de colocación dos traballadores e das traballadoras desempregados.

Con independencia do maior ou menor grao de dinamismo que presente o mercado de traballo nun momento dado, a análise do proceso de inserción laboral do alumnado dos cursos desenvolvidos desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria resulta de grande interese de cara a perfilar actuacións e políticas educativas e laborais de carácter xeral, á parte, como é obvio, da utilidade intrínseca derivada da análise dos ditos fenómenos: o coñecemento da transición do alumnado desde estas accións formativas ao mercado de traballo.

A avaliación dos cursos de formación para o emprego enténdese como un proceso continuo de valoración de resultados que debe ser realizado antes, durante e despois de cada unha das actuacións levadas a cabo co fin de mellorar continuamente a eficacia e a calidade dos programas formativos executados. O sistema de avaliación non se reduce ao período en que os alumnos e as alumnas se atopan participando nos cursos, senón que se amplía ao período posterior á súa finalización. Esta avaliación que nos ocupa neste informe ten como principal obxectivo coñecer o nivel de inserción laboral conseguido polo alumnado formado e a conseguinte influencia que no logro dela poida constituír o feito de ter participado nos cursos de formación ofertados. Deste xeito, o resultado da inserción laboral ilustra e calibra a perspectiva xeral dos cursos de formación para o emprego como instrumento principal para dar resposta a unha necesidade de formación en ocupacións reais do mercado de traballo e á capacitación para o seu desempeño profesional que permite a actualización constante en función da demanda laboral.

O Instituto Galego das Cualificacións conta cun Observatorio do Emprego que ten dentro das súas principais funcións a de estudar a relación formación-emprego para coñecer o grao de adaptación efectiva que se consegue entre a formación impartida polas institucións e os centros de formación e os requirimentos dos traballos nas empresas. O documento elaborado presenta un informe de resultados a partir dunha análise da inserción laboral das alumnas e dos alumnos participantes nas accións formativas programadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria durante o ano 2014.




2. Obxectivos

Unha das ferramentas que pretenden servir como criterio ou apoio na toma de decisións sobre as accións que se deben subvencionar é, precisamente, a información achegada pola avaliación da formación. Ademais de tratar de realizar un seguimento e control dos investimentos que en materia de formación e emprego realiza, a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral está interesada en coñecer o perfil das persoas participantes nas accións formativas e as repercusións laborais que ten a realización dos cursos no alumnado. Neste sentido, o obxectivo principal do informe é analizar a inserción laboral do alumnado formado nas accións formativas dirixidas ao colectivo de desempregados.

Podemos definir outros obxectivos intermedios:

- Medir os efectos das políticas formativas desde unha perspectiva do mercado de traballo; é dicir, coñecer o alcance e a adecuación da oferta formativa respecto aos requirimentos da actividade económica actual.
- Identificar aquelas accións formativas que contan cun nivel de inserción laboral maior, así como o perfil das persoas que, tras acudir aos cursos, acceden ao emprego.

OBXECTIVOS INTERMEDIOS





3. Metodoloxía e fontes de información

Para a elaboración deste informe, tomamos como referencia, exclusivamente, os cursos ofertados a desempregados. As vías de programación foron as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD). Os datos analizados correspóndense co ano 2014.

Partimos da análise dos resultados descritos para aqueles alumnos que acadaron o seu certificado acreditativo, descartando aqueloutros que obtiveron resultado negativo ou ben abandonaron o curso por diferentes causas.

Non se considera na análise o alumnado que participou en cursos de *competencias clave* (matemáticas, lingua galega e lingua castelá), xa que estas accións formativas constitúen unha vía de acceso para realizar certificados de profesionalidade, pero non proporcionan unha formación que facilite, en si mesma, a inserción no mercado de traballo.

Traballamos cos conceptos de inserción bruta e inserción neta:

Inserción bruta: consideramos inseridos os **alumnos que conseguiron un contrato laboral nos doce meses seguintes á data de finalización do curso**. Quedarían excluídos da análise aqueles que se estableceron por conta propia.

Inserción neta: **dos alumnos inseridos, contamos aqueles que conseguiron un contrato laboral nos doce meses seguintes á data de finalización do curso, pero que, ademais, o posto de traballo acadado está relacionado co contido do curso de referencia**. Quedarían excluídos da análise aqueles que se estableceron por conta propia.

O ámbito xeográfico de referencia é Galicia, con resultados desagregados por provincias e comarcas, tendo en conta o domicilio do centro impartidor.

O informe desenvolve os resultados da inserción do alumnado formado, agrupados por familia profesional e distribuídos en función de diversas variables: sexo, idade, nivel académico, tipoloxía da contratación, actividade económica e grupos ocupacionais.

O rexistro de contratos que utilizamos para comprobar o grao de inserción real do alumnado foinos subministrado polo acceso directo á base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Por outra banda, a base de datos do sistema de formación para o emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria (SIFO) ofrece información sobre os cursos impartidos.



4. Resultados globais do alumnado 2014

A programación de cursos dirixida a desempregados no ano 2014 acadou un total de **8.714¹ alumnos formados, cunha inserción do 56%**, se temos en conta un período de 12 meses desde que remataron os cursos.

O 64% deste alumnado xa conseguiu un traballo nos primeiros 6 meses desde a finalización do curso.

Aproximadamente **un de cada cinco alumnos inseridos atopan traballo relacionado co obxecto do curso (21%)**.

Todos estes datos pasamos a estudalos en maior profundidade atendendo a diferentes niveis de análise.

5. Análise territorial

5.1. Análise provincial

Atendendo ao repartimento nas catro provincias galegas, a situación é a que segue:

Táboa: Alumnos formados e inseridos (inserción bruta) nas catro provincias galegas

	Formados	12 meses desde remate do curso	
		Inseridos	% inserción
A Coruña	3.198	1.700	53%
Lugo	1.476	837	57%
Ourense	1.874	1.058	56%
Pontevedra	2.166	1.275	59%
GALICIA	8.714	4.870	56%

A provincia da Coruña é a que aglutina un maior número de alumnos, concretamente o 37% do total do alumnado, aínda que a súa inserción bruta é a inferior dentro das catro provincias galegas.


¹ Ademais, 797 persoas recibiron cursos de competencias clave de nivel 2 (galego, castelán e matemáticas) pero son excluídas da análise dada a natureza deste estudo. (Véxase a metodoloxía).




A provincia de Pontevedra é a que consegue unha maior inserción bruta, superando en tres puntos porcentuais a media galega. Lugo tamén supera lixeiramente a inserción do 56%, mentres que Ourense a iguala.

Baseando a nosa análise na inserción do alumnado aos 12 meses contados desde a finalización do curso, a situación por provincias quedaría reflectida no seguinte gráfico de barras:

Alumnos formados e inseridos (inserción bruta) por provincias



No entanto, se analizamos a inserción relacionada, as dúas provincias que acadan os mellores resultados son Lugo e A Coruña, ambas as dúas cun 22%. Pontevedra iguala a media galega (21%), mentres que Ourense é a que obtén peores resultados, cun 18%.



A realización de cursos con compromiso de contratación na empresa Citroën supuxo, en anos anteriores, un resultado positivo moi nesgado na provincia de Pontevedra. No curso 2014, ao non producirse esta circunstancia, a situación resulta máis parella, contando incluso con mellores insercións netas tanto a provincia da Coruña como a de Lugo.




5.2. Análise comarcal

Analizar de xeito conxunto as 53 comarcas galegas resulta pouco homoxéneo, xa que o volume de alumnos formados e inseridos que podemos atopar en cada unha delas non permite extraer conclusións xerais. Será necesario, pois, estratificar estas áreas territoriais partindo do volume de alumnos formados e, deste xeito, poder establecer comparativas entre zonas semellantes entre si.

Partindo deste criterio, imos clasificar as 53 comarcas en catro grupos de análise:

- Comarcas urbanas (referidas ás sete grandes cidades): A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.
- Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados, excluídas as das sete grandes cidades.
- Comarcas que teñen, polo menos, 30 alumnos formados e menos de 100.
- Comarcas con menos de 30 alumnos formados.

Segundo esta distribución, o repartimento do total dos 8.714 alumnos formados corresponderíase co seguinte gráfico de sectores:




5.2.1. Comarcas urbanas

Estas sete comarcas presentan un volume de alumnado que condiciona claramente a inserción global da súa respectiva provincia. Con respecto ao ano 2013, o peso que supoñían as sete grandes cidades diminúe en cinco puntos porcentuais, incrementando o peso relativo nas outras áreas territoriais, especialmente nas comarcas con máis de 100 alumnos.



A situación con respecto á media de Galicia é a que segue:



Existe unha dispersión de ata trece puntos nos datos de inserción das sete comarcas (57% de Vigo fronte a un 44% en Ferrol).

Vigo é a comarca con mellores resultados relativos, ao acadar unha inserción bruta que supera nun punto porcentual a media de inserción galega. A comarca da Coruña, pola súa parte, rexistra unha inserción bruta similar á calculada para o conxunto de Galicia (56%).

Cómpre salientar que, mentres que a provincia coruñesa presentaba a menor inserción bruta dentro das catro provincias (53%), a comarca da Coruña consegue mellorar este resultado en tres puntos, igualándose coa media de inserción bruta calculada no conxunto de Galicia. O resto das comarcas urbanas sitúanse por debaixo do ritmo de inserción galego.

Un ano máis, o peor resultado é o reflectido na comarca de Ferrol.

Por último, cómpre sinalar que **a inserción parcial² no conxunto das comarcas urbanas acada o 54%, situándose dous puntos por detrás da inserción lograda no conxunto de Galicia.**


Parte do alumnado que atopou traballo fíxoo en ocupacións relacionadas co obxecto do curso, circunstancia que presenta distintos resultados segundo a comarca que se estude.

Os resultados aparecen no gráfico seguinte:

² A inserción parcial calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas sete comarcas entre a suma de formados nelas.



Inserción neta nas comarcas das sete grandes cidades con respecto á media galega



As dúas comarcas máis poboadas son as que amosan unha inserción relacionada máis positiva, superando claramente a media de inserción neta galega: A Coruña en sete puntos porcentuais e Vigo en cinco.

O resto das comarcas urbanas obteñen peores resultados, aínda que as insercións máis baixas se reflicten en Ourense e Lugo.

Cómpre salientar que a comarca de Ferrol, malia contar coa peor inserción bruta, alcanza unha inserción neta próxima á media de Galicia. Esta situación indicaría que, a pesar de atopar traballo tan só un 44% do alumnado, 1 de cada 5 alumnos o fan en empregos relacionados cos contidos dos cursos.

A inserción neta parcial³ nestas sete comarcas ascende ao 21%, igualando o resultado acadado no conxunto de Galicia.


5.2.2. Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados (excluídas as urbanas)

O seguinte diagrama de barras resume a situación dun total de 12 comarcas que representan o 20% do alumnado formado:

³ A inserción parcial calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción neta) nas sete comarcas entre a suma de formados nelas.



Inserción bruta comarcas con máis de 100 alumnos, excluídas as comarcas urbanas



Antes de comezar a comentar a gráfica, cómpre salientar o feito de que no ano 2013 eran 10 as comarcas que contaban con 100 alumnos ou máis, mentres que no ano 2014 o número de comarcas que cumpren con este requisito pasan a ser 12, de aí que, de representaren o 16% do alumnado, neste ano supoñan un 20% do total.

Das 12 comarcas que conforman este grupo, observamos que 9 delas superan a media de inserción galega. Hai que resaltar os bos resultados do Carballiño e do Salnés, cunha inserción que supera o 70% en ambos os dous casos (82% e 72%, respectivamente).

Tan só tres comarcas se sitúan por debaixo da media galega: Valdeorras, A Barbanza e Terra de Lemos.

O conxunto destas 12 comarcas obtén unha inserción bruta do 61%⁴, situándose sete puntos por enriba das comarcas urbanas e superando en cinco puntos a media galega.


Se analizamos a inserción neta do conxunto das 12 comarcas, os resultados non son tan positivos, xa que observamos que, do total de alumnos inseridos⁵, atopan traballo relacionado un 18% deles, situándose tres puntos por debaixo da media galega. A situación por comarcas é a que segue:

⁴ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas 12 comarcas entre a suma de formados nelas.

⁵ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción neta) nas 12 comarcas entre a suma de formados nelas.



Inserción neta en comarcas con máis de 100 alumnos, excepto as comarcas urbanas



Tan só tres comarcas da provincia de Lugo superan a inserción neta media para Galicia: Terra de Lemos, A Mariña Central e A Terra Chá. Resulta especialmente relevante a elevada inserción relacionada da comarca de Terra de Lemos, cando aparecía destacada como a comarca con inserción bruta máis baixa.

Os peores resultados concrétnanse en dúas comarcas: Valdeorras e O Baixo Miño. Cómpre salientar que esta última comarca conta cunha boa inserción bruta (59%). Esta situación indicaría que, aínda que case 6 de cada 10 alumnos do Baixo Miño atopan traballo, a porcentaxe de alumnos que o fan en empregos relacionados non é especialmente relevante, comparativamente á acadada noutros territorios galegos. Pola contra, a comarca de Valdeorras amosa unha certa correspondencia entre as dúas insercións, xa que lograba unha inserción bruta inferior á media galega.

As outras sete comarcas obteñen tamén unha inserción relacionada inferior ao 21%, sendo Bergantiños a única que supera a inserción neta media das 12 comarcas integrantes deste apartado, que recordamos que era do 18%. O resto dos resultados van desde o 17% de Deza e da Mariña Occidental ata o 14% do Morrazo.


En definitiva, a importante inserción bruta neste grupo de comarcas non vai acompañada dunha inserción relacionada destacable, agás no caso da **Mariña Central e A Terra Chá, que obteñen bos resultados nos dous indicadores.** En calquera caso, a situación nestas comarcas indicaría que os mercados de traballo locais xeran un importante movemento contractual, no que os contidos dos cursos impartidos non están a influír, en gran medida, nos postos de traballo conseguidos.



5.2.3. Comarcas que teñen entre 30-100 alumnos formados

Este novo bloque de análise caracterízase por unha serie de 18 comarcas que, sen teren un gran volume de alumnado (12%), obteñen en xeral bos resultados, e son poucas as que se sitúan por debaixo do 56% de inserción bruta (concretamente, A Barcala, A Baixa Limia, Verín, Terra de Melide e Arzúa).

A situación aparece reflectida no gráfico seguinte:



Atopamos un total de dez comarcas que superan o 56% de inserción que marca a media de Galicia: Fisterra, cun 83%; O Condado, 80%; Xallas, 76%; Sarria, 65%; Ordes e Meira, 60%; Caldas e Allariz-Maceda, 59%; e A Limia e A Mariña Oriental, 58%.

O conxunto das 18 comarcas obtén un 58% de inserción⁶, situándose dous puntos por enriba da media galega.

Este resultado vai acompañado dunha inserción neta destacable, xa que, se calculamos a inserción neta⁷ no conxunto destas comarcas, chegamos á porcentaxe do 23%, superando a inserción relacionada do 21% acadada no conxunto de Galicia.


A situación en cada unha das comarcas queda reflectida no seguinte gráfico:

⁶ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas 18 comarcas entre a suma de formados nelas.

⁷ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción neta) nas 18 comarcas entre a suma de formados nelas.



Inserción neta comarcas de entre 30-100 alumnos formados con respecto á media de Galicia



Nove comarcas presentan unha inserción neta superior á media galega, sendo especialmente relevante a comarca de Ordes, onde case 1 de cada 2 persoas atopan emprego relacionado co obxecto do curso (46%), seguida por Allariz-Maceda (39%). O resto das comarcas a destacar van desde Meira, onde 1 de cada 3 persoas que atopan traballo o fan nun emprego relacionado (33%), ata o 22% reflectido na Baixa Limia.

Xallas e O Ribeiro igualan o resultado de inserción relacionada media de Galicia (21%).

O resto presenta unha inserción inferior, próxima á media galega no caso de Arzúa, e por debaixo do 10% no caso da Mariña Oriental e O Condado. De feito, resulta especialmente relevante este último caso, xa que 4 de cada 5 persoas atopan traballo no Condado pero só o 8% o fai en empregos relacionados co curso impartido.

Algunhas comarcas que cómpre destacar por obteren tanto unha inserción bruta como neta moi relevantes son Sarria, Ordes, Meira e Allariz-Maceda.

5.2.4. Comarcas con menos de 30 alumnos formados

O número de alumnos formados nestas comarcas non permite extraer conclusións significativas sobre as porcentaxes de inserción acadadas. As comarcas que están incluídas neste bloque son: Chantada, Noia, O Sar, Ortegal, Quiroga, Terra de Celanova e Terra de Soneira.

As comarcas de Betanzos, Muros, A Fonsagrada, A Ulloa, Os Ancares, Terra de Caldelas, Terra de Trives, Viana e A Paradanta non presentan ningunha programación formativa no ano 2014.



6. Análise por familias

6.1. Alumnado formado e inserido por familia profesional

A familia de Administración e Xestión e a de Servizos Socioculturais e á Comunidade destacan sobre as demais polo volume de alumnos que forman. Séguenas, a moita distancia, a familia de Hostalaría e Turismo, Informática e Comunicaci3ns e Transporte e Mantemento de Vehículos.

Táboa: Alumnos formados e inserci3n bruta por familia

	Formados	Inseridos	% inserci3n
Actividades Físicas e Deportivas	61	48	79%
Administraci3n e Xesti3n	2.010	990	49%
Agraria	399	190	48%
Artes Gráficas	49	16	33%
Comercio e Márketing	397	211	53%
Edificaci3n e Obra Civil	166	83	50%
Electricidade e Electrónica	271	146	54%
Enerxía e Auga	234	131	56%
Fabricaci3n Mecánica	361	271	75%
Formaci3n Complementaria	25	17	68%
Hostalaría e Turismo	726	407	56%
Imaxe e Son	42	27	64%
Imaxe Persoal	93	36	39%
Industrias Alimentarias	106	67	63%
Industrias Extractivas	23	10	43%
Informática e Comunicaci3ns	554	248	45%
Instalaci3n e Mantemento	245	132	54%
Madeira, Moble e Cortiza	280	154	55%
Marítimo-Pesqueira	53	33	62%
Sanidade	133	76	57%
Seguridade e Medio Ambiente	92	43	47%
Servizos Socioculturais e á Comunidade	1.876	1.192	64%
Téxtil, Confecci3n e Pel	12	5	42%
Transporte e Mantemento de Vehículos	506	337	67%
GALICIA	8.714	4.870	56%

As cinco familias profesionais citadas, por seren as que presentan maior volume de alumnado, acadan resultados de inserci3n bruta moi dispares:

- Administraci3n e Xesti3n (49%).
- Servizos Socioculturais e á Comunidade (64%).
- Hostalaría e Turismo (56%)
- Informática e Comunicaci3ns (45%)
- Transporte e Mantemento de Vehículos (67%).




Outras dúas familias contan cun volume de alumnado significativo: Agraria, e Comercio e Márketing, acadando ambas as dúas o 5% do total do alumnado formado ao longo do 2014. Das sete familias citadas, só dúas, Transporte e Mantemento de Vehículos e Servizos Socioculturais á Comunidade, reflicten unha inserción bruta superior á media galega (56%). No caso da formación en Transportes, supera en once puntos porcentuais a inserción media, e nos Servizos Socioculturais a mellora é de oito puntos porcentuais.

Cómpre salientar tamén o resultado en Hostalaría e Turismo, que iguala a inserción media galega do 56%, mellorando o seu resultado con respecto ao acadado polo alumnado do curso 2013.

Graficamente, a inserción bruta das familias profesionais con respecto á media do 56% aparece recollida no seguinte gráfico de barras:

Inserción bruta de familias profesionais con respecto á media galega




Os resultados son moi extremos, segundo a familia da que esteamos a falar. Das nove familias que se sitúan por riba da inserción bruta media calculada para Galicia habería que destacar, polo volume de alumnado que representan, a de **Transportes e Mantemento de Vehículos e a de Servizos Socioculturais e á Comunidade**. Das outras sete, habería que salientar as que teñen, polo menos, 100 alumnos: Fabricación Mecánica, Industrias Alimentarias e Sanidade. As outras catro familias con bos resultados de inserción bruta terían escasa significación polo alumnado que representan, aínda que os resultados son moi bos, especialmente nas Actividades Físicas e Deportivas.

A formación complementaria é unha familia que acolle un tipo de cursos máis transversais asociados, á súa vez, a outras familias; de feito, os 25 alumnos rexistrados formáronse nunha acción formativa denominada “desenvolvemento de habilidades para a integración sociolaboral”.



Se atendemos aos resultados de **inserción relacionada**, é dicir, as persoas que atopan traballo vinculado co obxecto do curso, as conclusións serían outras.

Graficamente a situación é a seguinte:



Cinco familias obteñen unha inserción neta superior ao 21% de media galega. A de Servizos Socioculturais e á Comunidade, cunha inserción relacionada do 37%, xa destacaba tanto polo volume de alumnado como pola inserción bruta. Tanto Hostalaría e Turismo (45%) como Sanidade (26%) tamén obtiñan bos resultados na análise anterior, e volven destacar neste apartado. A de Electricidade e Electrónica presenta un total de 146 alumnos e unha inserción bruta lixeiramente inferior á do conxunto de Galicia; non obstante, a inserción relacionada supera nun punto a media galega. Dentro das familias con escaso volume de alumnado, volve destacar no primeiro posto a familia de Actividades Físicas e Deportivas.

Dentro do grupo das cinco familias con maior número de alumnado, tan só a de Hostalaría e Turismo, xunto coa de Servizos Socioculturais e á Comunidade superan a media de inserción neta do 21% acadada no conxunto de Galicia. Transporte e Mantemento de Vehículos consegue un 14%, mentres que Administración e Xestión (8%) e Informática e Comunicacions (5%) obteñen unhas insercións relacionadas moi baixas con respecto á media.

Por outra banda, a familia de Téxtil, Confección e Pel, xunto coa Formación Complementaria, non lograron inserir ninguén nunha ocupación relacionada co obxecto do curso.



6.2. Perfil do alumnado inserido por familia profesional⁸

Nos seguintes cadros presentamos, de xeito esquematizado, o perfil máis habitual por familia profesional das persoas que conseguen un contrato nos doce meses seguintes ao remate do curso (inserción bruta):

ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS • Home • Menor ou igual a 25 anos • Formación profesional	ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN • Muller • 26 a 45 anos • Formación profesional	AGRARIA • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio
INDUSTRIAS EXTRACTIVAS • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio/Formación profesional	ARTES GRÁFICAS • Muller • 26 a 45 anos • Titulacións universitarias	COMERCIO E MÁRKETING • Muller • 26 a 45 anos • Formación profesional
EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL • Home • 26 a 45 anos • Formación profesional	ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA • Home • 26 a 45 anos • Formación profesional	ENERXÍA E AUGA • Home • 26 a 45 anos • Formación profesional

⁸ Para elaborar estes perfís, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.



FABRICACIÓN MECÁNICA •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	HOSTALARÍA E TURISMO •Muller •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	IMAXE E SON •Home •26 a 45 anos •Formación profesional
IMAXE PERSOAL •Muller •Menor ou igual a 25 anos •Formación profesional	INDUSTRIAS ALIMENTARIAS •Home •26 a 45 •Titulación ensino obrigatorio	INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS •Home •26 a 45 anos •Formación profesional
INSTALACIÓN E MANTEMENTO •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	MADEIRA, MOBLE E CORTIZA •Home •26 a 45 anos •Titulación de ensino obrigatorio	MARÍTIMO-PESQUEIRA •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio
SANIDADE •Muller •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE •Muller •26 a 45 anos •Titulacións universitarias	SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional



TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL	TRANSPORTE E MANTENIMENTO DE VEHÍCULOS
• Muller • Sen significación • Sen significación	• Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio

Os homes insírense en maior medida no sector primario, na construción, nas actividades técnicas e industriais e, menos, nos servizos, aínda que tamén destacan en actividades concretas do terciario, como: Informática e Comunicacóns, Transportes e Mantemento de Vehículos, Imaxe e Son e Actividades Físicas e Deportivas. As mulleres, pola contra, destacan claramente no sector servizos e en actividades industriais moi concretas, como a Téxtil ou as Artes Gráficas.

O nivel académico sitúa por enriba a formación profesional, seguida pola titulación de ensino obrigatorio, con dúas excepcións: os traballadores con titulación universitaria na familia das Artes Gráficas e na de Seguridade e Medio Ambiente.

O ensino obrigatorio aparecería destacado no sector primario, e en tres familias do sector servizos: Hostalaría e Turismo, Sanidade e Transportes e Mantemento de Vehículos, e tamén en dúas familias industriais: Alimentarias e Madeira.

O intervalo de idade de 26-45 anos, pola súa amplitude, recolle a maior parte dos inseridos, de aí que apareza en case todas as familias. As únicas dúas familias que non fan referencia ás idades intermedias, concentrando o resultado nos máis novos, son as de Imaxe Persoal e as de Actividades Físicas e Deportivas.

Os perfís anteriores refírense aos resultados dos inseridos segundo o cálculo de inserción bruta, é dicir, persoas que atopen traballo teñan ou non relación co obxecto do curso. Se atendemos aos perfís da inserción neta, apenas hai diferenzas. Analizando os resultados para as dúas familias que aparecen destacadas polo volume de alumnado e por acadaren unha inserción neta superior á media galega, debemos facer constar que o único cambio substancial que se produce é na familia de Hostalaría e Turismo, xa que o grupo de idade máis recorrente non é o intervalo intermedio de 26 a 45 anos, senón os alumnos máis novos de menos de 26 anos.

6.3. Especialidades formativas con mellores resultados

Presentamos a continuación unha listaxe de cursos seleccionados por cumpriren os seguintes requisitos:

- Teren máis de 30 alumnos inseridos.
- Reflectiren unha inserción bruta igual ou superior á media galega (56%).

Deste xeito, eliminamos cursos que, malia presentaren insercións elevadas, teñen un volume de alumnado que non resulta relevante nin concluínte nun estudo destas características.



ESPECIALIDADE FORMATIVA		Formados	Inseridos	% inserción bruta
FMEC0110	Soldadura con eléctrodo revestido e TIG	65	49	75%
TMVI0108	Condución de autobuses	54	39	72%
TMVC31	Condución de vehículos clases C1-C	62	44	71%
TMVI0208	Condución de vehículos pesados de transporte de mercadorías por estrada	53	37	70%
SSCS0108	Atención socio-sanitaria a persoas no domicilio	345	229	66%
TMVC43	Transporte de viaxeiros por estrada (CAP)	53	35	66%
SSCS0208	Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	1.063	699	66%
FMEC0210	Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG	64	42	66%
HOTR0408	Cociña	85	55	65%
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	108	66	61%
COMT0210	Xestión administrativa e financeira do comercio internacional	78	47	60%
TMVC44	Transporte de mercadorías por estrada (CAP)	80	48	60%
MAMR0108	Montaxe de mobles e elementos de carpintería	76	45	59%
ADGG0208	Actividades administrativas na relación co cliente	394	231	59%
IMAR0108	Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas	57	33	58%
COMV0108	Actividades de venda	102	59	58%
HOTI0108	Promoción turística local e información ao visitante	85	49	58%
SANC3007	Auxiliar de enfermaría en xeriatria	70	40	57%
SSCE0110	Docencia da formación profesional para o emprego	200	114	57%

Con respecto á listaxe anterior, hai que indicar, en primeiro termo, o bo resultado obtido na área de soldadura, na condución de autobuses e camións, e nos servizos de dependencia. Cómpre destacar tamén o certificado de cociña, a montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas, e a xestión administrativa e financeira do comercio internacional, todas eles cunha inserción bruta superior ao 60%.

Ben que o groso destes cursos pertence a familias que presentan insercións que igualan ou superan a media galega de inserción bruta (56%), certo é que aparecen algúns deles que non forman parte de familias con tan bo resultado no seu conxunto.



Habería que citar os seguintes:

- COMERCIO E MÁRKETING: COMT0210 Xestión administrativa e financeira do comercio internacional (60%) e COMV0108 Actividades de venda (58%).
- MADEIRA, MOBLE E CORTIZA: MAMR0108 Montaxe de mobles e elementos de carpintaría (59%).
- INSTALACIÓNS E MANTEMENTO: IMAR0108 Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas (58%).
- ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN: ADGG0208 Actividades administrativas na relación co cliente (59%).

Estas accións formativas obteñen, por si mesmas, bos resultados.

Se atendemos á inserción neta, **atopamos un total de 13 cursos con máis de 30 persoas inseridas e cunha inserción relacionada superior á media galega (21%)**. Cómpre salientar que nove deles se atopan na táboa anterior: os dous cursos de dependencia, a soldadura con eléctrodo revestido e TIG, a condución de vehículos pesados do transporte de mercadorías e o CAP asociado, cociña, actividades de venda, auxiliar de enfermaría en xeriatria e a docencia da formación profesional para o emprego.

Tamén aparecen con boa inserción neta un total de catro cursos que non saían na listaxe anterior, xa que, aínda que tiñan polo menos 30 alumnos inseridos, non presentaban unha inserción bruta relevante:

- **HOTR0208 Operacións básicas de restaurante e bar e HOTR0108 Operacións básicas en cociña;** ambas as dúas especialidades non acadan unha inserción bruta que supera a media galega, aínda que en ambos os dous casos superan o 50%. Os alumnos inseridos atopan traballo relacionado en gran medida co obxecto do curso.
- **ADGD0308 Actividades de xestión administrativa.** A familia de Administración e Xestión presenta unha sobreformación que non resulta xustificable polos resultados de inserción que obtén; no entanto, este certificado de profesionalidade presenta unha inserción relacionada relevante: 1 de cada 3 persoas que o cursan atopan traballo relacionado co obxecto do curso.
- **ELEE0109 Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión;** certificado de profesionalidade moi demandado, xa que habilita para realizar instalacións eléctricas. A inserción bruta roza a acadada no conxunto de Galicia (55%) e, ademais, a cuarta parte dos alumnos que atopan traballo fano en traballos relacionados coa electricidade.

En definitiva, xuntando os resultados, tanto de inserción bruta como de neta, atopamos unhas áreas en que os cursos de formación para o emprego amosan mellores resultados:

- **Dependencia**
- **Servizos de restauración (hostalaría)**
- **Transporte de mercadorías por estrada**
- **Actividades de venda**
- **Soldadura con eléctrodo revestido e TIG**
- **Docencia de formación profesional para o emprego**



7. Análise do alumnado inserido

As tres variables que se analizan neste punto son o sexo, o nivel académico e o intervalo de idade.

O perfil máis habitual dentro dos alumnos que **atopan traballo** queda reflectido no seguinte cadro:


Muller
26-45 anos
Formación profesional

Aproximadamente o 55% do alumnado inserido son mulleres, aínda que debemos ter en conta que o volume de mulleres formadas tamén é lixeiramente superior ao dos homes (exactamente o 55% do total de alumnos). Se atendemos á inserción neta, as mulleres aumentan en gran medida a súa diferenza porcentual cos homes, acadando o 63% do total de traballadores inseridos.

Este maior número de mulleres que atopan traballo relacionado eleva notablemente a porcentaxe de inserción neta no colectivo feminino, que acada un 24%, mentres que os homes presentan tan só un 17%.

Se estudamos de xeito illado o nivel académico, atopamos que a formación profesional é o nivel máis habitual, reflectindo un 35% do total dos inseridos, seguido polas persoas que contan con titulación de ensino obrigatorio, cun 26%. Esta mesma circunstancia repítese na proporción da inserción neta, aínda que os resultados entre ambos os niveis académicos resultan moito máis próximos: o 33% dos alumnos que atopan emprego relacionado co curso conta cun título previo de formación profesional, mentres que os que posúen ensino obrigatorio reflicten unha porcentaxe do 30%.

Non obstante, o cálculo da inserción neta por niveis académicos mostra un resultado moi interesante: **a maior porcentaxe de inserción relacionada reflíctese nos grupos menos cualificados, concretamente o nivel de ata certificado de escolaridade presenta un 25% e a titulación de ensino obrigatorio un 24%.**





O 64% dos inseridos pertencen ao grupo de idade intermedio de 26-45 anos, mentres que o grupo de máis idade representa un 15% do total (mellora en catro puntos a súa presenza no conxunto do alumnado con respecto aos resultados do curso 2013). Porén, o colectivo de máis idade é o que reflicte unha maior inserción relacionada: **1 de cada 4 persoas maiores de 45 anos que atopan un emprego fano en traballos relacionados co contido do curso.**

En definitiva, **os mellores resultados de inserción neta reflíctense nos colectivos máis vulnerables:**

Muller
Ata certificado de escolaridade
Maiores de 45 anos

7.1. Alumnado inserido por sexo e nivel académico

Na seguinte táboa presentamos os resultados porcentuais combinando estas dúas variables:

Niveis académicos	Inserción bruta		Inserción neta	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Ata certificado de escolaridade	50%	45%	21%	32%
BUP/Bacharelato superior/COU	48%	54%	18%	24%
Formación profesional	60%	61%	16%	23%
Titulación ensino obrigatorio	58%	56%	17%	32%
Titulados universitarios	53%	56%	12%	17%
<i>Outras titulacións</i>	<i>100%</i>	<i>50%</i>	<i>0%</i>	<i>0%</i>
TOTAL	56%	56%	17%	24%

A inserción bruta no caso das mulleres supera a dos homes nos niveis académicos de máis cualificación (o resultado no nivel de “outras titulacións” non resulta relevante pola súa escasa significación). O maior diferencial entre ambos os dous sexos é o referente ao nivel de Bacharelato.

Neste punto, debemos salientar que as mulleres que realizan cursos de formación para o emprego parten, en xeral, dunha maior cualificación que os homes, especialmente evidente nas titulacións universitarias e, en menor medida, en BUP e en formación profesional. Pola contra, atopamos máis




homes formados nos niveis académicos de menor cualificación, tanto na titulación de ensino obrigatorio como no nivel de ata certificado de escolaridade.

En canto á inserción neta, as mulleres superan os homes en todos os niveis, mesmo naqueles en que os homes atopaban traballo en maior medida (nos de menor cualificación).

Esta circunstancia explicárase polo feito de que as mulleres con menor formación realizan, en maior medida que os homes, cursos relacionados coa área de dependencia. Estes cursos obteñen bos resultados relativos, circunstancia que fai que as mulleres aparezan con mellores resultados de inserción neta, mesmo nos niveis formativos de menor cualificación, onde hai maior número de alumnos formados de xénero masculino.

De feito, as maiores insercións relacionadas recóllense nas mulleres menos cualificadas, tanto no colectivo que conta con titulación de ensino obrigatorio como naquel que ten ata certificado de escolaridade (ambos cun 32%).

O seguinte gráfico de barras mostra visualmente as diferenzas comentadas na análise das variables sexo-nivel académico⁹:



⁹ Eliminamos da representación gráfica o nivel de “outras titulacións” pola escasa repercusión que supón na análise.



7.2. Alumnado inserido por idade e nivel académico

Na seguinte táboa presentamos a porcentaxe de repartimento dos alumnos, tanto na inserción bruta como na neta, e combinando estas dúas variables:

	Inserción bruta			Inserción neta		
	≤ 25	26 a 45	≥ 46	≤ 25	26 a 45	≥ 46
Ata certificado de escolaridade	4%	5%	2%	5%	5%	3%
BUP/Bacharelato superior/COU	1%	9%	3%	2%	8%	3%
Formación profesional	7%	24%	4%	5%	23%	4%
Outras titulacións	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Titulación ensino obrigatorio	8%	14%	4%	7%	17%	5%
Titulados universitarios	1%	12%	2%	2%	9%	1%
TOTAL	22%	64%	15%	20%	63%	17%

No que respecta á inserción bruta, a formación profesional resulta o nivel académico máis salientable no grupo de 26 a 45 anos; nos máis novos aparece destacada a titulación de ensino obrigatorio, e nos maiores de 45 anos, sobresaen tanto a titulación de ensino obrigatorio como a formación profesional. Na inserción neta, a formación profesional aparece salientada tamén no intervalo de idades intermedias, mentres que os grupos de idades extremas amosan unha maior representatividade para o nivel de titulación de ensino obrigatorio.

O **grupo de 26 a 45 anos**, pola súa amplitude, representa un 64% do total dos inseridos, polo que é o que conta cunha maior porcentaxe de inseridos en todos os niveis académicos. Na inserción neta a situación é practicamente a mesma, aínda que a porcentaxe global é dun 63%, baixando nun punto porcentual o seu peso no conxunto de idades.

É necesario destacar que, mentres que os intervalos de 26 a 45 anos e os de idades inferiores diminúen a súa representación porcentual na inserción neta, o segmento de máis de 45 anos a mellora en dous puntos porcentuais. Estes dous puntos incrementáanse nos grupos de formación menos cualificados: ata certificado de profesionalidade e titulación de ensino obrigatorio. Este resultado poñería de relevancia **a importancia dos certificados de profesionalidade como saída profesional para un colectivo de desempregados moi vulnerable, cun baixo nivel formativo e máis de 45 anos.**


Outro grupo beneficiado no cálculo da inserción neta é o dos alumnos menores de 25 anos con niveis formativos moi extremos. Por un lado, os alumnos que contan con bacharelato e os titulados universitarios, o que amosaría que a realización do curso pode servir tamén como reforzo da formación previa, facilitándolles a consecución dun traballo. Por outro, os desempregados máis



novos que contan tan só con certificado de escolaridade, o que suporía unha saída laboral para os mozos que abandonan prematuramente o sistema educativo.

O grupo de idade intermedia só mellora a porcentaxe de representación nos resultados da inserción neta no que respecta á titulación de ensino obrigatorio.

O seguinte gráfico de barras mostra as diferenzas comentadas na análise das variables sexo-nivel académico:



8. Análise dos contratos realizados

Consideramos interesante analizar o conxunto dos contratos realizados ao colectivo de alumnos inseridos para coñecer a súa realidade laboral.

Para levar adiante esta análise, estudaremos o número de contratos realizados segundo a actividade económica da empresa, a tipoloxía contractual e a ocupación que consta no contrato.

8.1. Actividade económica da empresa contratante


8.1.1. Clasificación por sector económico

A maioría dos contratos, un 81%, realizáronse no sector servizos. Este é o único sector onde as mulleres se sitúan claramente por enriba dos homes, acadando un 63% dos contratos rexistrados.

No resto dos sectores, os homes presentan un maior peso contractual, especialmente no sector da construción, onde as mulleres só rexistran un 11% do total dos contratos.



Graficamente, pódese apreciar o peso que reflicte o sector servizos fronte aos outros:



Se atendemos aos resultados da inserción neta, o sector servizos acada un 85% dos contratos e as mulleres pasan a representar un 73% da súa totalidade. En definitiva, o peso da contratación no sector servizos aumenta en catro puntos porcentuais, pero a porcentaxe de mulleres contratadas neste sector increméntase substancialmente en dez puntos.

8.1.2. Clasificación en seccións CNAE

A Clasificación Nacional de Actividades Económicas vixente (CNAE-2009) enumera unha serie de seccións económicas que pasamos a listar na seguinte táboa:

SECCIÓNS ECONÓMICAS CNAE-2009		Total inseridos
A	AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	121
B	INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	4
C	INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	521
D	SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	0
E	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	12
F	CONSTRUCCIÓN	276
G	COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	737
H	TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	171
I	HOSTALARÍA	702




J	INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	88
K	ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	26
L	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	10
M	ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	218
N	ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	376
O	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	350
P	EDUCACIÓN	239
Q	ACTIVIDADES SANITARIAS E SERVIZOS SOCIAIS	674
R	ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	114
S	OUTROS SERVIZOS	137
T	ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO; ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO PRODUTO	94
TOTAL		4.870

A contratación realízase en distintas actividades económicas, aínda que as tres seccións que concentran o maior número de contratos son o Comercio por Xunto e polo Miúdo (737), a Hostalaría (702) e as Actividades Sanitarias e Servizos Sociais (674). Xunto con estas, aparecen tamén salientadas as Industrias Manufactureiras, as Actividades Administrativas e Servizos Auxiliares, e a Administración Pública e Defensa.

Graficamente, a situación quedaría reflectida no seguinte diagrama de barras:

Contratos por sección CNAE-2009 (total de inseridos)





Se pasamos a analizar cantos destes contratos fan referencia a persoas que atopan un traballo relacionado co obxecto do curso, a situación presenta unha situación diferente. De feito, as seccións económicas máis destacadas, de maior a menor contratación, pasan a ser as seguintes: Actividades Sanitarias e Servizos Sociais, Hostalaría, Administración Pública e Defensa, Industria Manufactureira, Construción e Comercio por Xunto e polo Miúdo.


Cómpre salientar que 1 de cada 3 contratos relacionados coa acción formativa cursada se concentran na área de Actividades Sanitarias e Servizos Sociais. Como consecuencia, se analizamos a inserción neta da contratación nas seccións económicas, atopamos que esta área presenta unha inserción do 51%, é dicir, **a metade das persoas que atopan traballo na área sanitaria acaban de finalizar un curso relacionado**. Ponse en evidencia, unha vez máis, a saída profesional que están a proporcionar os certificados de profesionalidade relacionados coa área de dependencia, tanto de servizos sociais como de sanidade.

A rama hostaleira ocuparía un segundo lugar polo número de contratos relacionados co obxecto do curso. A inserción neta acada un 24%, resultado moi positivo, aínda que moi lonxe dos excelentes resultados da rama sanitaria.

O resto das seccións destacadas, polos contratos relacionados que presentan, amosan un número de contratos moi próximos, situándose moi por detrás da Sanidade e da Hostalaría.

No que respecta ás súas insercións netas, atopamos resultados moi dispares. No caso da construción, 1 de cada 4 contratos rexistrados pertencen a persoas que acaban de facer un curso nesta área formativa; na Administración Pública e Defensa a inserción neta acada un resultado próximo, un 22%. Pola contra, as Industrias Manufacteiras reflicten un discreto 14%, mentres que o Comercio por Xunto e polo Miúdo amosan un dos peores resultados, un 9%.

A situación para todas as seccións económicas é a que segue:





Cómpre salientar que as actividades comerciais son as que presentaban un maior volume de contratos (inserción bruta), pero tan só o 9% deles se realizan a persoas que acaban de finalizar cursos relacionados con estas actividades. Esta situación indicaría que moitas persoas atopan un traballo no comercio, independentemente da formación de partida. A falta de exigencia na contratación destes profesionais facilita a entrada de traballadores doutros sectores con formación ou experiencia noutros campos. Unha situación similar reflíctese no caso das Actividades Administrativas e Servizos Auxiliares, aínda que o volume contractual se reduce a menos da metade.

Por último, cómpre sinalar que as industrias extractivas acadan un bo resultado, pero non resultan significativas dada a presenza testemuñal de contratos nesta rama de actividade.

8.2. Grupos ocupacionais

8.2.1. Clasificación en grandes grupos ocupacionais

A Clasificación Nacional de Ocupacións 2011 (CNO-2011) engloba todas as ocupacións en nove grandes grupos ocupacionais que detallamos a continuación:

GRANDES GRUPOS OCUPACIONAIS CNO-2011 (inserción bruta)		Homes	Mulleres	Total
1	DIRECTORES E XERENTES	4	5	9
2	TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	96	264	360
3	TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	160	177	337
4	EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	163	424	587
5	TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	471	1.206	1.677
6	TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	44	20	64
7	ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	403	64	467
8	OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	199	37	236
9	OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	658	475	1.133
TOTAL		2.198	2.672	4.870

As mulleres presentan un maior número de contratos que os homes no grupo de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, nos “empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina” e nos grupos de máis cualificación.

Os homes presentan un maior número de contratos que as mulleres nas “ocupacións elementais” e nos grupos 6, 7 e 8. Onde presentan un diferencial moi importante con respecto ás mulleres é nos tres seguintes:

- **Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria).**

O 86% dos contratos son para os homes.




■ **Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores.**

Os homes representan un 84% da contratación.

■ **Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro.**

O 69% da contratación rexístrase no colectivo masculino.

Graficamente, esta situación aparece recollida no seguinte gráfico de barras:



Por outra banda, a inserción das mulleres aparece claramente inclinada cara a tres grupos ocupacionais:

■ **Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores.**

Este grupo ocupacional relaciónase claramente con actividades do sector servizos: hostalaría, servizos de dependencia, comercio. O 72% do total da contratación realízase a mulleres.

■ **Técnicos e profesionais científicos e intelectuais.**


A porcentaxe de alumnas licenciadas e diplomadas é moi superior á que presenta o colectivo masculino, motivo polo que o 73% dos contratos recollidos neste grupo son para as mulleres.

■ **Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina.**

Esta actividade tamén pertence ao sector servizos, e os contratos a mulleres representan un 72% do total.



Analizando a inserción neta por grupos ocupacionais e sexo, habería que facer as seguintes consideracións (o grupo de Directores e Xerentes ten unha repercusión testemuñal e, ademais, ningún dos alumnos deste tipo de formación atopou traballo relacionado, de aí que se elimine na gráfica):



A maior inserción neta ten lugar no colectivo feminino dentro das actividades de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores. As ocupacións que reflicten este bo resultado son as relacionadas coa **área de dependencia**; concretamente, traballadores dos coidados persoais a domicilio e os traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde (institucións).

Os outros resultados de inserción relacionada por riba da media galega concéntranse no colectivo masculino, fundamentalmente nos grupos de traballadores cualificados na industria e a construción (26%) e nos operadores de instalacións de maquinaria e montadores (25%). Así mesmo, acadan un resultado positivo no citado grupo de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores (23%), aínda que cun resultado dezasete puntos inferior ao acadado neste mesmo grupo polas mulleres.

8.2.2. Clasificación en grupos primarios

A clasificación en grandes grupos ocupacionais permítenos ter unha visión de conxunto das ocupacións en que, en maior medida, é contratado o alumnado inserido.

En calquera caso, para podermos afinar máis, debemos coñecer aqueles grupos primarios (CNO a 4 díxitos) que contan cun maior número de contratos. Deste xeito, tratamos de establecer unha correspondencia entre os cursos con mellores resultados de inserción e a contratación real do alumnado formado.



Presentamos a continuación unha táboa onde aparecen tan só os grupos primarios que teñen, polo menos, 40 contratos realizados como mostra representativa da realidade contractual do alumnado:

CNO-2011 CLASIFICADA EN GRUPOS PRIMARIOS		CONTRATOS
5120	CAMAREIROS ASALARIADOS	472
5220	VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	332
5710	TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	260
9700	PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	256
4500	EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	206
9210	PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	170
5629	TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	139
4309	EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	138
2121	ENFERMEIROS NON ESPECIALIZADOS	126
9100	EMPREGADOS DOMÉSTICOS	93
9310	AXUDANTES DE COCIÑA	88
5110	COCÍÑEIROS ASALARIADOS	78
9811	PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	77
5611	AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA	75
3510	AXENTES E REPRESENTANTES COMERCIAIS	63
3724	MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	62
8432	CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN	62
2329	PROFESORES E PROFESIONAIS DO ENSINO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	58
4424	TELEOPERADORES	53
8412	CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS	48
9512	PEÓNS AGRÍCOLAS EN HORTAS, INVERNADOIROS, VIVEIROS E XARDÍNS	48
9601	PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS	48
9543	PEÓNS FORESTAI S E DA CAZA	47
9511	PEÓNS AGRÍCOLAS (AGÁS EN HORTAS, INVERNADOIROS, VIVEIROS E XARDÍNS)	43
5500	CAIXEIROS E VENDEDORES DE BILLETES (AGÁS BANCOS)	42

Imos, pois, citar aquelas áreas con mellores resultados relativos (segundo aparecen no apartado 6.3. deste informe) e a súa correspondencia cos grupos primarios destacados na táboa anterior:

■ **Dependencia e coidados xeriátricos.**

Os grupos primarios serían:

- Traballadores dos coidados persoais a domicilio (260 contratos).



- Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes (139 contratos).
- Enfermeiros non especializados (126 contratos).
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria (75 contratos).

■ **Servizos de restauración (hostalaría).**

Claramente representados en:

- Camareiros asalariados (472 contratos).
- Axudantes de cociña (88 contratos).
- Cociñeiros asalariados (78 contratos).

■ **Transporte de mercadorías por estrada.**

Os grupos primarios serían:

- Peóns do transporte de mercadorías e descargadores (77 contratos).
- Condutores asalariados de camións (62 contratos).
- Condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas (48 contratos).

■ **Actividades de venda.**

Os grupos primarios serían:

- Vendedores en tendas e almacéns (332 contratos).
- Axentes e representantes comerciais (63 contratos).
- Teleoperadores (53 contratos).
- Caixeiros e vendedores de billetes (agás bancos) (42 contratos).

■ **Servizos socioculturais: Formador ocupacional.**

Estarían reflectidos en:

- Profesores e profesionais do ensino non clasificados baixo outras epígrafes (58 contratos).

■ **Soldadura con eléctrodo revestido e TIG**

Os grupos con máis contratos son:

- Soldadores e oxicortadores (39 contratos).

Non incluídos na táboa anterior porque contan con menos de 40 contratos.




8.3. Tipoloxía dos contratos

A contratación temporal a xornada completa supera en catro puntos porcentuais a contratación temporal a tempo parcial. Este dato resulta moi positivo, xa que nos dous anos anteriores a contratación a tempo parcial superaba a xornada completa. Cómpre salientar tamén un lixeiro incremento dos contratos de prácticas/formación, mentres que a porcentaxe de contratación indefinida repite idéntico resultado que co alumnado 2013.

Se analizamos o número de contratos obtidos en traballos relacionados co obxecto do curso, a situación non é tan positiva, xa que a contratación temporal a tempo parcial supera en 4 puntos porcentaxe de temporalidade a tempo completo. En calquera caso, a situación resulta moito menos extrema que o ano anterior, cando os contratos temporais a tempo parcial duplicaban o número de contratos temporais a tempo completo. Como nota negativa, apréciase un lixeiro decrecemento da porcentaxe de contratación indefinida (no ano 2013 supoñía un 5% fronte a un 3% no 2014).


Os seguintes gráficos de sectores reflicten o resumo da situación:

Distribución de contratos por tipoloxía (inserción bruta)



- Indefinido
- Indefinido tempo parcial
- Outros
- Prácticas/Formación
- Temporal
- Temporal tempo parcial

Distribución de contratos por tipoloxía (inserción neta)



- Indefinido
- Indefinido tempo parcial
- Outros
- Prácticas/Formación
- Temporal
- Temporal tempo parcial


Nos resultados de inserción bruta, os homes acadan máis contratos temporais que as mulleres; non obstante, **o colectivo feminino duplica o número de contratos a temporais a tempo parcial.** A contratación a tempo parcial ten lugar fundamentalmente na área da hostalaría, pero tamén nunha serie de ocupacións moi feminizadas: coidados de persoas a domicilio e actividades de venda; de aí que o peso da muller estea moi por riba que o dos homes.




Esta mesma situación reflíctese no que respecta á inserción neta; de feito, a contratación a tempo parcial aínda amosa un maior nesgo cara ás mulleres (tres de cada catro contratos temporais a tempo parcial son a mulleres). **Máis da metade destes contratos relacionados concéntranse nos coidados de persoas a domicilio.**

A distribución dos contratos por tipoloxía e sexo aparece recollida nas seguintes gráficas:

Distribución dos contratos por tipoloxía/ sexo (inserción bruta)



Distribución dos contratos por tipoloxía/ sexo (inserción neta)





9. Conclusións

A partir da análise realizada ao longo deste informe, podemos extraer unha serie de conclusións que resaltan aspectos e reflexións que consideramos de interese:

- A Consellería de Economía, Emprego e Industria formou durante o ano 2014 un total de **8.714 alumnos** que acadaron un **56% de inserción laboral** (inserción bruta).
- O **64%** deste alumnado xa conseguiu un traballo **nos primeiros 6 meses**.
- **Aproximadamente a quinta parte dos alumnos inseridos atopan un traballo relacionado co obxecto do curso** (inserción neta).

9.1. Análise territorial

- **A provincia de Pontevedra é a provincia con maior inserción bruta; no entanto, se temos en conta a inserción neta, os mellores resultados aparecen na Coruña e Lugo.** Apréciase un maior movemento das contratacións no mercado de traballo pontevedrés, pero a pertinencia dos cursos de formación para o emprego para atopar un traballo resulta lixeiramente máis favorable nas provincias do norte de Galicia.
- **O volume de alumnado que se concentra nas comarcas urbanas supón un 67% do total, diminuindo neste último ano en cinco puntos porcentuais con respecto a 2013.** Esta menor concentración do alumnado nas comarcas das sete grandes cidades amosa unha maior distribución dos recursos formativos no conxunto das comarcas galegas.
- As comarcas urbanas presentan os peores resultados de inserción bruta, con respecto aos outros grupos de comarcas analizadas, e igualan a media de inserción neta do conxunto de Galicia. Cómpre salientar **as excelentes insercións netas acadadas nas dúas comarcas urbanas máis poboadas: Vigo e A Coruña.**
- As comarcas con máis de 100 alumnos conseguen as maiores porcentaxes de inserción bruta, aínda que non atopan, en gran medida, emprego relacionado; cómpre salientar que son as **comarcas que posúen entre 30-100 alumnos** as que amosan unha mellor situación: **inserción bruta e neta por riba da media de Galicia.**

As comarcas con menor volume de alumnado alcanzan as maiores porcentaxes de inserción bruta e relacionada, o que reflicte unha programación de cursos que se axeita en maior medida ás necesidades do mercado de traballo local.

- **Os resultados máis desexables danse nos ámbitos territoriais en que se combinan unhas insercións brutas e netas salientables,** xa que a combinación de ambos os dous resultados apuntaría cara a unha inserción laboral relevante e relacionada co obxecto do curso. As comarcas que obteñen mellores resultados segundo este criterio son: Vigo, A Mariña Central, A Terra Chá, Ordes, Allariz-Maceda, Meira, Sarria, A Limia e Caldas.
- Por outra banda, atopamos **un total de 10 comarcas que reflicten cunha inserción bruta por riba do 56% pero cunha inserción neta inferior á media galega.** Esta situación concéntrase en áreas non metropolitanas.



Comarcas cunha alta inserción bruta, non acompañadas dunha inserción neta relevante, poden deber a súa situación a varias causas: alumnado con formación e/ou experiencia previa noutras áreas formativas, ou existencia de mercados de traballo cun importante movemento contractual en actividades económicas concretas, polo que os contidos dos cursos impartidos non están a influír en gran medida na inserción laboral.

9.2. Análise por familias

- **Os 8.714 alumnos repártense entre vinte e catro familias profesionais**, pero só sete delas contan cunha porcentaxe de alumnos formados relevante: Administración e Xestión (23%), Servizos Socioculturais e á Comunidade (22%), Hostalaría e Turismo (8%), Informática e Comunicacions (6%), Transporte e Mantemento de Vehículos (6%), Agraria (5%) e Comercio e Márketing (5%).
- **A familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade é a que obtén os mellores resultados na programación de 2014**, xa que, ademais de dar formación a un número representativo de alumnos, obtén uns resultados de inserción bruta e neta superiores á media de Galicia.
- As cinco familias profesionais que acadan as maiores porcentaxes de inserción neta son: **Servizos Socioculturais e á Comunidade e Hostalaría e Turismo**, ambas cun volume de alumnado moi relevante, e mais as familias de Sanidade, Electricidade e Electrónica, e Actividades Físicas e Deportivas, cunha menor repercusión polo número de alumnos que representan.

O cálculo da inserción neta serve como indicador do éxito das accións formativas programadas, xa que constitúe unha medida de impacto directo da formación no desemprego.

- **A familia de Administración e Xestión forma o 23% dos participantes nos cursos do ano 2014**. Os resultados obtidos sinalan unha sobresaturación de alumnos formados nesta materia, polo que sería aconsellable diminuír o número de cursos que se programan. A gran proliferación de centros homologados en especialidades administrativas dificulta a diminución de accións formativas nesta área.

Dúas das familias con maior volume de alumnado, Servizos Socioculturais e á Comunidade e Hostalaría e Turismo, sitúanse dentro do grupo de cinco familias con maior inserción neta; non obstante, a familia de Administración e Xestión aparece sobredimensionada, sen que os resultados obtidos xustifiquen o seu peso no conxunto.

- Partir dun nivel académico de formación profesional previo facilita a inserción laboral posterior, xa que en moitos casos a realización destes cursos constitúe unha especialización sobre unha formación anterior.
- Os homes insírense en maior medida no sector primario, na construción, nas actividades técnicas e industriais e, en menor medida, nos servizos, aínda que tamén destacan en actividades concretas do terciario, como: Informática e Comunicacions, Transportes e Mantemento de Vehículos, Imaxe e Son e Actividades Físicas e Deportivas. As mulleres, pola



contra, destacan claramente no sector servizos e en actividades industriais moi concretas, como a Téxtil ou as Artes Gráficas.

- O 43% do alumnado que atopa un traballo relacionado co obxecto do curso ten un nivel académico de titulación de ensino obrigatorio ou inferior.

A realización de certificados de profesionalidade supón un valor engadido que reporta claros beneficios á hora de atopar un traballo, especialmente en áreas como a hostalaría e a dependencia.

- As áreas en que os cursos de formación para o emprego rexistran mellores resultados son: **dependencia e coidados xeriátricos, restauración (hostalaría), transporte de mercadorías por estrada, actividades de venda, soldadura e formación ocupacional.**
- A inserción da familia no seu conxunto pode ser orientativa, pero a inserción por especialidades é a que indica o éxito laboral das distintas accións formativas. De feito, a citada sobredimensión da familia de Administración e Xestión estaría xustificada no que respecta ao certificado de profesionalidade de **actividades de xestión administrativa**, aínda que non para o conxunto de certificados da familia.

9.3. Análise do alumnado inserido

- Dos 4.870 alumnos que atopan un traballo, o 55% son mulleres. Emporiso, se partimos do total de alumnos que atopan traballo relacionado co curso, o colectivo feminino pasaría a representar o 63%. Dada esta situación, a inserción neta nas mulleres (24%) supera en sete puntos porcentuais a dos homes (17%).
- As alumnas acadan unha maior porcentaxe de inserción bruta que os homes nos niveis académicos de maior cualificación. O dato salientable é que, **na inserción neta, as mulleres superan os homes en todos os niveis formativos, mesmo naquel en que hai unha maior inserción bruta para o colectivo masculino.**

Esta circunstancia viría explicada polo feito de que as mulleres con menor formación realizan, en maior medida que os homes, cursos relacionados coa área de dependencia. Estes cursos son os que obteñen mellores resultados relativos, circunstancia que fai que as mulleres aparezan con mellores resultados de inserción neta, mesmo nos niveis formativos de menor cualificación.

Os certificados de profesionalidade da área de dependencia requiren unha titulación de partida de ensino obrigatorio; no entanto, a acreditación de experiencia profesional permite obter o antedito certificado independentemente do nivel académico de partida. Así mesmo, a superación das probas de competencias clave de nivel 2 daría acceso á realización destes cursos.

- **A maior porcentaxe de inserción relacionada reflíctese nos grupos menos cualificados, concretamente o nivel de ata certificado de escolaridade presenta un 25%, e a titulación de ensino obrigatorio un 24%.**



Os mellores resultados de inserción neta, é dicir, persoas que atopan traballo relacionado co curso reflíctense nos colectivos máis vulnerables: muller, ata certificado de escolaridade e os maiores de 45 anos.

- O intervalo de idade de 26 a 45 anos presenta un maior peso porcentual de alumnos inseridos que contan cun nivel de formación profesional; porén, tanto os maiores de 45 como os máis novos contan cunha maior porcentaxe de alumnos inseridos no nivel de titulación de ensino obrigatorio.

Os certificados de profesionalidade sêrvেনlle como cursos de reciclaxe ao alumnado que conta cunha formación previa pero, sobre todo, axudan a inserir no mercado de traballo desempregados que non posúen formación acreditada: mozos que abandonaron prematuramente o sistema educativo e maiores de 45 anos que non teñen unha titulación.

9.4. Análise dos contratos realizados

- O 81% dos contratos prodúcense no sector servizos. Este é o único sector onde as mulleres se sitúan claramente por enriba dos homes, cun 63% de contratación. Se atendemos aos resultados de inserción neta, os resultados son aínda máis extremos, xa que as mulleres concentran un 73% dos contratos.
- As seccións económicas con maior contratación, atendendo tanto á inserción bruta como á neta, son as que inclúen as actividades sanitarias e servizos sociais, e a hostalaría.
- As actividades comerciais son as que presentan un maior volume de contratos (inserción bruta), pero tan só o 9% deles se realizan a persoas que acaban de finalizar cursos relacionados con estas actividades.

O comercio absorbe man de obra doutros sectores económicos para cubrir postos de traballo en que, na maior parte dos casos, non se exige formación nin experiencia previa. Unha situación similar reflíctese no caso das actividades administrativas, aínda que o volume contractual se reduce a menos da metade.

- As mulleres concentran gran parte da súa contratación no gran grupo ocupacional de “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, onde aparecen integrados os servizos de dependencia.
- Os homes presentan unha contratación moi superior, con respecto ás mulleres, nos seguintes grupos: “Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)”, “Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores” e “Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro”.
- A maior inserción relacionada por grupo ocupacional dáse nos “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, especialmente para as mulleres. Os homes tamén acadan moi bos resultados tanto para o grupo de “Artesáns e traballadores



cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)” como para os “Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores”.

- A contratación temporal a xornada completa supera en catro puntos porcentuais a contratación temporal a tempo parcial. Este dato resulta moi positivo, xa que nos dous anos anteriores a contratación a tempo parcial superaba a de xornada completa.
- O colectivo feminino duplica o número de contratos temporais a tempo parcial con respecto aos homes (inserción bruta).

A contratación a tempo parcial ten lugar, fundamentalmente, na área da hostalaría, pero tamén nunha serie de ocupacións moi feminizadas: coidados de persoas a domicilio e as actividades de venda; de aí que o peso da muller estea moi por riba que o dos homes.

galicia



XUNTA
DE GALICIA